

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA DE MÚSICA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA.

COLEXIO ALFREDO BRAÑAS

Mestre: José Manuel Canosa Carballo

O ENTORNO:

As características do alumnado do centro en función dos aspectos socioculturais e económicos que rodean as súas familias pódense atopar no PEC (Proxecto Educativo do Centro). Como aspecto a destacar cómpre dicir que son moitos os nenos e nenas que están a chegar ao centro nestes últimos cursos procedentes, sobre todo, de Marrocos. Isto deberá ser tido moi en conta, non só pola problemática que poida derivarse dunha maior ou menor dificultade na comunicación por problemas da lingua, senón sobre todo pola especial dificultade de adaptación ao grupo, ao pobo e á sociedade en xeral con que se van atopar estes novos alumnos/as. Desde a área de Educación Artística podemos facer moito por axudarlles a unha mellor integración cos seus compañeiros da clase, a través de actividades onde imperen a cooperación, o traballo en equipo, o respecto, a confianza...

O Centro: No centro impártense os niveis de ensinanza de Educación Infantil (tres unidades na actualidade) e de Educación Primaria (consta de 1 liña: total 6 cursos).

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O SEGUNDO CURSO DE E.P.

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
18. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Referidas á competencia en Comunicación lingüística:

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
1. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

Referidas á Competencia dixital:

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4...
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construction do coñecemento.

Referidas ás Competencias sociais e cívicas:

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.

CONTIDOS

Bloque 1 – escoita

Contos musicados

Cancións ao unísono.

Os sons da nosa contorna: os sons do outono. Clasificación segundo as súas calidades.

Linguaxe musical básica: as calidades do son, as figuras: negra, corchea, dúas corcheas, silencio de negra, o pulso.

Coñecemento instrumental: Identificación dos instrumentos de pequena percusión escolares e clasificación por familias.

A fruta doce. Normas de uso e iniciación.

Música e cultura: O carácter na música.

Movemento e danzas de diversas culturas.

Musicogramas de diversas audicións.

Bloque 2 – Interpretación musical

Interpretación de cancións ao unísono.

Xogo de imitación dos sons dos distintas épocas do ano e celebracións.

Improvisación con sons do noso corpo e con instrumentos de pequena percusión con negras e corcheas.

Interpretación de pictogramas, incidindo nas calidades do son.

Interpretación de esquemas rítmicos con negras e corcheas. Iniciación á escritura musical.

Manipulación e exploración das calidades sonoras de instrumentos escolares de percusión.

Interpretación de ritmos e retahílas con palmas, instrumentos e sílabas rítmicas.

Iniciación á fruta doce.

Autoavaliación do desenvolvemento motriz mediante un xogo musical.

Bloque 3 – Música, movemento e danza.

O corpo como instrumento expresivo: posibilidades sonoras e motoras.

Valoración do corpo para a expresión de sentimentos e emocións.

Dramatización dun conto musicado: Garavanciño.

Práctica de técnicas básicas de movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais e interpretación de danzas sinxelas.

Práctica da danza tradicional portuguesa *Indo eu*.

Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

Goce na realización e valorización de danzas como acheg ao patrimonio artístico e cultural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1 - escoita:

- 1.1 Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.
- 1.2 Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.
- 1.3 Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.
- 1.4 Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.
- 1.5 Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns doselementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).

Bloque 2 – Interpretación musical:

- 2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.
- 2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.
- 2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.

Bloque 3 – Música, movemento e danza:

- 3.1. Realizar pequenas coreografías.

3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Bloque 1 - escoita:

1.1.1. *Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

1.1.2. *Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

1.1.3. *Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

1.1.5. *Identifica voces masculinas e femininas.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

1.2.1. *Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

1.3.1. *Coñece algúns compositores e relaciónaos coas súas obras.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

1.4.1. *Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

1.5.1. *Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.5.2. *Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Bloque 2 – Interpretación musical:

2.1.1. *Repite esquemas rítmicos escoitados.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

2.2.1. *Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

2.2.3. *Fai de xeito consciente o proceso da respiración.*

COMPETENCIA CLAVE:

Aprender a aprender.

2.3.1. *Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

2.3.4. *Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

2.3.5. *Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

Bloque 3 – Música, movemento e danza:

3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O CUARTO CURSO DE E.P.

1. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da nosa comunidade.
2. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións e na descodificación do son que reproduce.
3. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Discriminar visual e auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa, as profesións, do propio corpo...
6. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
7. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións.
8. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos de pequena percusión: metal, madeira e parche.
9. Clasificar instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
10. Ler e interpretar partituras sinxelas con grafías convencionais e non convencionais.
11. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario, ternario e cuaternario.
12. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
13. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
14. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
15. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.
16. Coñecer algúns nomes significativos de profesionais relacionados coa música e a actividade que desenvolven (compositor, director, músicos...).
17. Coñecer a dixitación da frauta: escala de DO sen alteracións.

18. Interpretar un repertorio básico de pezas para frauta, con e sen acompañamento.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Referidas á competencia en Comunicación lingüística:

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

1. Traballar a escritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Relacionar as figuras coa duración das notas e entender a súa proporción matemática.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

Referidas á Competencia dixital:

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4...
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

Referidas ás Competencias sociais e cívicas:

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.

Referidas á Conciencia e expresións culturais:

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante a expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais, ...).
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

Referidas á competencia para Aprender a aprender:

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
4. Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoiten coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
7. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
8. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.

4. Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
8. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
9. Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións.

CONTIDOS

Bloque 1 - escoita

1. Audición activa dunha canción popular galega.
2. Interese polo repertorio tradicional das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
3. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición.
4. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
5. Elementos musicais: a duración das figuras musicais e a altura das notas.
6. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.
7. Familias de instrumentos: corda, vento e percusión.
8. Recoñecemento de elementos do son nunha audición culta coa axuda dun musicograma.

Bloque 2 – Interpretación musical

1. Lectura e interpretación de pezas sinxelas con ou sen acompañamento.
2. Frauta doce: dixitación da escala de DO sen alteracións.
3. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca e corchea, e os seus silencios.
4. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.

Bloque 3 – Música, movemento e danza.

1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal para acompañar o *San cristán de Coímbra*.
2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, para a representación do *Carnaval dos animais*.
4. Canto, movemento e danza: *Danza dos sete saltos*.
5. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1 - escoita:

- 1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.
- 1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
- 1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- 1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

Bloque 2 – A interpretación musical:

- 2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.
- 2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.
- 2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3 – A música, o movemento e a danza:

- 3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- 3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Bloque 1 - escoita:

1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.

1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.

1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

COMPETENCIA CLAVE:

Competencias sociais e cívicas.

1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.

COMPETENCIAS CLAVE:

Aprender a aprender.
Conciencia e expresións culturais.

1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

1.4.2. *Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.
Comunicación lingüística.

1.4.3. *Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.

Bloque 2 – Interpretación musical:

2.1.1. *Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

2.1.2. *Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

2.1.3. *Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

2.1.4. *Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.*

COMPETENCIA CLAVE:

Aprender a aprender.

2.2.1. *Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Aprender a aprender.
Conciencia e expresións culturais.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

2.2.2. *Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.*

COMPETENCIA CLAVE:

Competencias sociais e cívicas.

2.3.1. *Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Aprender a aprender.
Competencia dixital.
Conciencia e expresións culturais.

2.3.2. *Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

Bloque 3 – Música, movemento e danza:

3.1.1. *Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

3.1.2. *Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3.2.1. *Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

3.2.2. *Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA PARA O SEXTO CURSO DE E.P.

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
18. Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Referidas á competencia en Comunicación lingüística:

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

Referidas á Competencia dixital:

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4...
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Referidas ás Competencias sociais e cívicas:

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.

Referidas á Conciencia e expresións culturais:

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante a expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais, ...).
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

Referidas á competencia para Aprender a aprender:

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
4. Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
7. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
8. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.

5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
8. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
9. Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións.

CONTIDOS

Bloque 1 - escoita

Cancións a solo e ao unísono.

Linguaxe musical. As calidades do son, as figuras: negra, corchea, dúas corcheas, silencio de negra, o pulso. As alteracións. A intensidade. O carácter. A música e a letra.

Interpretación musical. Selección de pezas para frauta, pequena percusión, percusión corporal e láminas

Música e cultura. Obras de música culta con aires de danza. As bandas. As novas tecnoloxías.

Coñecemento instrumental. Identificación visual e auditiva dos instrumentos segundo a clasificación moderna.

A frauta doce. Táboa de dicitacións.

Movemento e danza.

Audición. Musicograma *de pezas cultas, modernas e tradicionais*.

Bloque 2 – Interpretación musical

Cancións a solo e ao unísono.

Frauta e percusión. Selección de pezas para frauta, pequena percusión, percusión corporal e láminas.

Acompañamento de musicogramas. Percusión corporal de diversas obras, seguindo as achegas do musicograma e ritmogramas.

Bloque 3 – Música, movemento e danza

Dramatización de cancións.

Improvisación de sinxelos pasos de baile para acompañar a canción da unidade.

Valoración do corpo para a expresión de sentimentos e emocións.

Práctica de técnicas básicas de movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais e interpretación de danzas sinxelas.

Baile con arranxo de obras diversas (cultas, modernas e tradicionais)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1 - escoita:

1. Utilizar a escoita musical para indagar as posibilidades do son, de xeito que sirvan como marco de referencia para creacións propias.
2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
3. Coñecer exemplos de obras variadas tanto da nosa como doutras culturas, a fin de valorar o patrimonio musical, a importancia da súa conservación e difusión, e o respecto co que deben afrontar audicións e representacións.

Bloque 2 – Interpretación musical:

4. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción popular, e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.
5. Interpretar composicións sinxelas que incorporen procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario e en grupo, mediante a voz e instrumentos, utilizando a linguaxe musical e asumindo responsabilidades na interpretación en grupo, con pleno respecto ás contribucións das demais persoas e de quen asuma a dirección.
6. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3 – Música, movemento e danza:

Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar as súas achegas ao patrimonio, e disfrutar da interpretación como forma de interacción social.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

Bloque 1 - Escoita:

1.1.1. *Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.

1.1.2. *Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.

1.1.3. *Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.*

COMPETENCIA CLAVE:

Competencias sociais e cívicas.

1.1.4. *Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.*

COMPETENCIA CLAVE:

Competencias sociais e cívicas.

1.2.1. *Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Comunicación lingüística.

1.3.1. *Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Comunicación lingüística.
Aprender a aprender.

1.3.2. *Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

1.3.3. *Identifica, clasifica e completa os compases traballados.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

1.3.4. *Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

1.4.1. *Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Aprender a aprender.
Competencia dixital.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

1.4.2. *Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
Competencias sociais e cívicas.

1.4.3. *Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Competencias sociais e cívicas.
Comunicación lingüística.
Competencia dixital.

1.5.1. *Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.5.2. *Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.
Comunicación lingüística.

1.5.3. *Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.6.1. *Establece unha relación entre o que escoita e representa nun musicograma ou nunha partitura sinxela.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.6.2. *Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Aprender a aprender.

1.6.3. *Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

1.7.1. *Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.*

COMPETENCIA CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

1.7.2. *Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.*

Competencias clave:
Comunicación lingüística.
Competencia dixital.

Bloque 2 – Interpretación musical:

2.1.1. *Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

2.1.2. *Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

2.1.3. *Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

2.1.4. *Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar.*

COMPETENCIA CLAVE:

Aprender a aprender.

2.2.1. *Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

2.2.2. *Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

2.2.3. *Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.*

COMPETENCIA CLAVE:

Competencias sociais e cívicas.

2.2.4. *Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

2.3.1. *Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

Competencia dixital.

2.3.2. *Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.

Aprender a aprender.

Bloque 3 – Música, movemento danza:

3.1.1. *Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

3.1.2. *Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3.2.1. *Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Conciencia e expresións culturais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3.2.2. *Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultura.*

Competencias clave:
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

3.2.3. *Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.*

Competencias clave:

Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.

3.3.1. *Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.*

COMPETENCIAS CLAVE:

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3.3.2. *Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.*

Competencia clave:
Competencias sociais e cívicas.

3.3.3. *Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.*

COMPETENCIA CLAVE:

Comunicación lingüística.

3.3.4. *Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.*

COMPETENCIA CLAVE:

Aprender a aprender.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: Ed. Artística

CURSO 2021/2022

- Avaliación continua →50%

- A través da observación directa e rexistros escritos: probas prácticas, desenvolvemento das actividades, probas escritas (se as houberse) e/ou informáticas (actividades TIC'S) →30%
- Comprobación experimental da superación dos contidos mínimos da sesión →20%

- Valoración cualitativa da actitude do alumnado →50%

Esta valoración céntrase na actitude, esforzo, interese, comportamento, respecto (ás persoas, ás normas e aos materiais) e na necesidade de traer o material de aula preciso para cada actividade.

- Un 20% rendemento e interese académicos, participación e actitude diante da tarefa de aprendizaxe.
- Un 10% actitude e conduta ante o profesorado e alumnado.
- Un 20% aspectos socio-culturais (coidado e orde do material, puntualidade, absentismo). No caso de Educación musical: Traer a fruta á clase, a partir de 3ºEP.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DO COVID-19 NA AULA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA CURSO 2022/23

Facemos referencia neste apartado as Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023.

Metodoloxía de traballo para o alumnado de Educación Artística dende a Casa

Actividades	Actividades propostas e secuenciadas diariamente polo mestr@ para cada unha das materias.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Planificación semanal das actividades. Os alumnos dispoñen dun horario ou plan semanal polo que se secuencian as mesmas. A través de diferentes vías facilítaselle o acceso ás actividades ós nen@s. O mestr@ está en contacto cos alumn@s/familias e fai seguimento e corrección do traballo na casa.</p> <p>Para o desenvolvemento das tarefas propostas empregaremos diversas estratexias metodolóxicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Implicación familiar nas actividades de xeito activo e participativo. • Detección de necesidades sobre o manexo dos materiais tecnolóxicos. • Utilización do xogo como base da expresión musical e artística. • Predisposición á escoita atenta das audicións propostas. • Estímulo á improvisación e a creatividade.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos fotocopiáveis ou imprimibles. - Equipo informático ou smartphone. - Videos demostrativos, xogos e aplicacións online. - Recursos e materiais que poidan atopar dentro do ámbito familiar. - Web do centro. - Aula Virtual (Moodle). - Blog da Aula. - Libros e cadernos dixitais. - Videoconferencia (Webex).

Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - Espazo Abalar. - Correo electrónico. - Web do centro. - Mensaxería da plataforma Moodle. - Chamadas telefónicas
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro o acceso á aula virtual

Avaliación

Procedementos: Mediante a observación sistemática e seguimento das actividades propostas e secuenciadas diariamente polo mestr@ para cada unha das materias.

Instrumentos: Rexistro do traballo realizado.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A intervención educativa atenderá á diversidade do alumnado: centrarase nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais, porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, o centro poñerá en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares. Entre estas medidas encóntranse o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo.

A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo por proceder doutros países ou por calquera outro motivo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando presente graves carencias na lingua de escolarización do centro, realizarase un programa de inmersión lingüística que será, en todo caso, simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios, cos cales compartirá o maior tempo posible de horario semanal.

Os alumnos e alumnas que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo (dous cursos) poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lles correspondería por idade. Neste caso, adoptaranse medidas de reforzo educativo para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular. No suposto de superar o dito desfase, incorporaranse ao curso que lles corresponde pola súa idade.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais flexibilizarase de tal forma que se poida anticipar un curso o inicio da escolarización nesta etapa educativa ou reducir a súa duración cando se prevexa que estas son as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización, ou poderá enriquecerse o currículo.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso, dentro dos principios de inclusión e normalidade.

Poderán realizarse adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a este tipo de alumnado.

As adaptacións curriculares deste alumnado, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das súas necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno ou alumna; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas ditas adaptacións.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis no mesmo ciclo, a escolarización deste alumnado no centro, poderá prolongarse un ano máis, sempre que se favoreza a súa integración socioeducativa.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES

PROGRAMACIÓN.

Os obxectivos de área son adecuados ás características do alumnado.

Os obxectivos de área son alcanzables.

Os contidos de área adecúanse aos obxectivos.

O grado de complexidade dos obxectivos axústase ás características psicoevolutivas.

Os contidos organízanse cunha complexidade crecente.

Os contidos compren o principio de globalidade e son integrais.

As competencias axústanse ás necesidades e características dos alumnos.

O proceso do Plan Lector seguiu ao longo de todo o curso.

METODOLOXÍA.

A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

É válida a metodoloxía para acadar os obxectivos e contidos suficientes.

A información inicial é suficiente, clara, precisa.

O coñecemento de resultados é explicativo.

As estratexias na práctica son adecuadas para que o alumno/a asimile o que vai facer.

A motivación é adecuada para a execución das tarefas.

Os reforzos que se dan son positivos.

ORGANIZACIÓN.

A posición do mestre é adecuada na información inicial e no coñecemento de resultados.

A organización dos grupos facilita o proceso ensinanza- aprendizaxe.

A organización adáptase ás necesidades específicas dos recursos.

As tarefas axústanse ao desenvolvemento dos contidos.

Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo ou activo.

As tarefas permiten o principio de intensificación.

O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno/a e grupo.

A organización permite a individualización.

VALORACIÓN XERAL

Grado de competencia

5 excelente-4 adecuado-3 posiblemente-2 en ocasións- 1 poucas veces-0 nunca